

**ACTA NÚM. 4 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO  
DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA DEZANOVE DE MARZO DE  
2015.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **dezaseis horas e trinta minutos** do día **dezanove de marzo de 2015**, reúñese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria e urxente.

**A S I S T E N:**

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, **Alcalde-Presidente.**

**CONCELLEIROS/AS:**

**Grupo Municipal PP:**

Dona María de los Reyes Leis Rodríguez.  
Don Luís Mejide Rodríguez.  
Don José María Rosende Rico.  
Dona Marta González Vázquez.  
Don Ramón Quiroga Limia.  
Don Manuel Martínez Varela.  
Dona María José Corral López.  
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.  
Dona María Jesús Amparo Sáinz García.  
Dona Teresa María Gutiérrez López.  
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.  
Dona M<sup>a</sup> Teresa Cancelo Márquez.

**Grupo Municipal PSdeG-PSOE:**

Dona Mar Martín García.  
Don Bernardino Higinio Rama Seoane.  
Dona Marta Alvárez-Santullano Fernández-Trigales  
Don Francisco Reyes Santías.  
Don Gonzalo Muñíos Sánchez.  
Don José A. Baqueiro Canabal.  
Dona M<sup>a</sup> de los Ángeles Gómez Bugallo.  
Dona Rosario Valledor Puente.  
Don Álvaro González Álvarez.

**Grupo Municipal BNG:**

Don Rubén Cela Díaz.  
Dona Elvira Cienfuegos López.  
Don Rafael Xesús Vilar González.

José Ramón Alonso Fernández, **Vicesecretario do Concello de Santiago de Compostela.**

**O R D E     DO     D Í A:**

- 1. Ratificación, se procede, da urxencia da sesión.**
- 2. Dar conta de sentenza núm. 390/14 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e lectura do Auto de execución da mesma.**
- 3. Proposta da Alcaldía de execución da Sentenza 390/14 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.**

Cumpriméntase así:

**1. RATIFICACIÓN, SE PROcede, DA URXENCIA DA SESIÓN.**

Aberta a sesión, en cumprimento do disposto no artigo 46.2.b da Lei 7/85 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local, o **Sr. Alcalde-presidente** somete á consideración do Pleno á ratificación da urxencia da Sesión.

Sometido o punto da orde do día, a **votación da urxencia**, apróbase por unanimidade dos votos.

**2. DAR CONTA DE SENTENZA NÚM. 390/14 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA E LECTURA DO AUTO DE EXECUCIÓN DA MESMA.**

Dáse conta ao pleno da Sentenza núm. 390/2014, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 5 de xuño de 2014, Sección 1ª da Sala do Contencioso Administrativo.

Dáse, así mesmo lectura ao Auto relativo á súa execución ditado pola Sección 1ª da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 29 de xaneiro de 2015.

O Vicesecretario, procede a dar lectura do mesmo:

“En A Coruña, a veintinueve de enero de dos mil quince.

Antecedentes de hecho:

**Primero:** Por Sentencia de esta Sala de 5 de junio de 2014, Rec. 300/2012, se estimo parcialmente el recurso contencioso administrativo interpuesto por la CIG contra el acuerdo adoptado por el Concello de Santiago de Compostela en sesión plenaria de 2 de febrero de 2012, de aprobación definitiva de la modificación del cuadro de personal correspondiente al ejercicio de 2011, y en consecuencia, “anulamos parcialmente dicho acuerdo, en lo que concierne a la creación de tres plazas de funcionarios de habilitación de carácter estatal de 1 secretario/a de apoyo, de 1 interventor/a de apoyo y 1 tesorero/a de apoyo, pertenecientes al subgrupo A1 sin costas”.

**Segundo:** Por escrito de la CIG de 16 de septiembre de 2014 se insta a la ejecución de la Sentencia.

**Tercero:** Por escrito de 12 de diciembre de 2014, el Concello acredita la existencia de un Decreto de la Alcaldía de la misma fecha, que resuelve: “Primero: Tomar razón de la anulación del acuerdo del Pleno de este Concello, adoptado en sesión de fecha 2/2/2012, en lo relativo a la creación de las plazas de funcionarios de habilitación de carácter estatal de apoyo en el cuadro de personal del ejercicio 2011 (Secretario de apoyo, Interventor de apoyo, Tesorero de apoyo). Segundo: Tener por ejecutada la sentencia del TSXG núm. 390/2014, de 5 de junio de 2014 (PO 300/2012).

**Cuarto:** La CIG por escrito de 9 de enero de 2015 se opone a dar por ejecutada la sentencia, al igual que Doña Inmaculada Viña Carregal y Don Francisco Javier Castiñeira Izquierdo.

## FUNDAMENTOS DE DERECHO

**Primero:** Hay que subrayar que la ejecución de las sentencias en sus propios términos forma parte del derecho fundamental a la tutela judicial efectiva de jueces y tribunales, ya que en caso contrario las decisiones judiciales y los derechos que en las mismas se reconocen no serían otra cosa que meras declaraciones de intenciones sin alcance práctico ni efectividad ninguna (TC SS167/1987 y 92/1988), cuestión de esencial importancia para dar efectividad al establecimiento del estado social y democrático de Derecho que implica, entre otras manifestaciones, la sujeción de los ciudadanos y de la Administración Pública al ordenamiento jurídico y a las decisiones que adopta la Jurisdicción, no solo juzgando, sino también ejecutando lo juzgado, según se desprende del artículo 117.3 de la CE (TC SS 67/1984 y 167/1987).

También ha dicho el Tribunal Constitucional que, en principio, corresponde al órgano judicial competente deducir las exigencias que impone la ejecución de las sentencias en sus propios términos, interpretando, en caso de duda, cuáles deber ser éstos y actuando en consecuencia (TC SS 125/1987 y 167/1987), y debiendo tenerse en cuenta que, en todo caso, con ocasión de los incidentes de ejecución no es posible resolver cuestiones que no hayan sido abordadas ni decididas en el fallo o con las que éste no guarde una inmediata o directa relación de causalidad, pues, de otro modo, no solo se vulnerarían las normas legales que regulan la ejecución, sino que podría resultar menoscabado, asimismo el derecho a la tutela judicial efectiva de las partes procesales o de terceros (entre otras la TC S núm. 120/1991).

**Segundo:** De entrada rechazamos la pretendida ejecución del fallo con la simple dación de cuenta formal y vacía. Esa conducta encierra un acatamiento puramente formal que es incompatible con la seriedad y lealtad institucional que debe tener toda Administración cuando se trata de ejecutar una sentencia judicial firme que tiene contenido preciso, natural y real.

**Tercero:** Asimismo, dejaremos claro que la sentencia estima parcialmente el recurso por motivos de nulidad de pleno derecho (por todos, Fundamento de Derecho tercero de la sentencia) lo que impide y cierra el paso a toda medida artificiosa y fraudulenta de convalidación ni con acto expreso ni por inercia de situaciones jurídicas generadas al amparo del acuerdo impugnado.

**Cuarto:** Por otra parte, la invalidez del acuerdo de creación de las tres plazas, que tendría naturaleza de acto general tras la doctrina sentada por la reciente STS de 4 de febrero de 2014 (Rec. 2986/2012) implica por imperativo del artículo 64 de la Ley 30/1992, sensu contrario, la anulación de todas las consecuencias, debiendo recordarse “que la nulidad de pleno derecho produce efectos en cadena y se comunica a los actos y normas subsiguientes de forma automática” (STS 29/3/88).

Así pues, basta tener en cuenta que el nombramiento de los tres habilitados en liza tenía como presupuesto el acuerdo judicialmente invalidado y era expresión de la eficacia de aquél.

Por tanto, en consecuencia directa, inexcusable e inmediata que en ejecución de la sentencia y del presente auto por el Concello se disponga el cese de los nombramientos litigiosos que derivasen de dicho acuerdo (concretamente el del Secretario Xeral del Pleno, Don Juan Manuel Salguero del Valle y el del interventor xeral, Don Vicente Calvo del Castillo) de forma inmediata, sin rodeo ni prórroga mas allá del plazo fijado desde que se notifique el presente auto.

**Quinto:** Y dado que el nombramiento de tales habilitados es inválido y comportó el cese o consecuencia asociada del cese del entonces Secretario Xeral del Pleno, D. Javier Castiñeira Izquierdo y Doña Inmaculada Viña Carregal, procede en ejecución de sentencia la reposición de éstos en tales puestos.

A este respecto, y con el fin de aclarar al máximo el alcance de la ejecución, y no perjudicar ni a quienes como funcionarios de hecho han desempeñado funciones con apariencia legítima ni tampoco beneficiar con reconocimientos a quienes no las han desempeñado, tanto el cese de los habilitados para las plazas invalidadas como el nombramiento o reposición de los anteriores tendrá que ser ejecutado por el Concello mediante una misma Resolución de la Alcaldía, en acto único, sin efectos retroactivos en ambos casos. Ello sin perjuicio de las acciones autónomas que a título de responsabilidad patrimonial o de reivindicación profesional pudieran promover los funcionarios que sean repuestos a sus cargos, toda vez que la retroactividad pretendida en sus escritos en el incidente de ejecución, excede del marco de lo zanjado por sentencia. E igualmente sin perjuicio de las acciones autónomas de terceros que en el futuro pudieran ser afectados por la experiencia adquirida por los indebidamente nombrados durante el desempeño transitorio de las plazas invalidadas.

**Sexto:** Asimismo, ello no obsta a la lógica retroacción de actuaciones para ejecutar la sentencia si se precisa modificar el cuadro de personal en los extremos invalidados.

**Séptimo:** Por lo expuesto, procede que el Concello de forma perentoria y en el plazo máximo de un mes desde la notificación del presente auto:

A) Convoque por urgencia si fuera preciso, y celebre dentro de dicho plazo, un pleno para dar cuenta de la sentencia y con lectura del presente Auto, para proceder acto seguido a la publicación del acuerdo plenario en que como consecuencia de la sentencia se acomete la rectificación del cuadro de personal en el miso Boletín Oficial en que se publicó la modificación invalidada. Asimismo deberán rectificarse los cuadros de personal de los ejercicios posteriores en cuanto reproducen las plazas invalidadas (2012 y siguientes).

B) Por la Alcaldía se decrete el cese de los nombramientos derivados de las plazas cuya creación se ha invalidado, así como el cese de los afectados en todos los cargos, puestos y condiciones que se vinculaban a ese nombramiento ahora invalidado. En unidad de acto, la Alcaldía deberá decretar la reposición a sus puestos de los cesados como consecuencia de la creación de las plazas y nombramientos ilegítimos que derivaron de la misma.

C) Adoptar cuantos actos fueren consecuencia inmediata de los aquí señalados para poner punto final a la eficacia de éstos en toda su extensión.

D) Asimismo tanto los ceses como los nombramientos derivados de la ejecución de la sentencia deberán publicarse en el DOGA.

Lógicamente la Alcaldía tiene la carga y deber de acometer ese cumplimiento de la sentencia y remitir en plazo a esta sala justificación documental del mismo.

**Octavo:** Advertir y responsabilizar al titular de la Alcaldía de la ejecución exacta y puntual de lo aquí mandatado, de manera que su incumplimiento, ante la claridad del mismo, deberá reputarse a sabiendas por las posibles responsabilidades a que hubiere lugar, sin perjuicio de las multas coercitivas que al amparo del artículo 112 de la LJCA se impondrán al titular de la Alcaldía en cuantía mínima de mil euros y que serán reiteradas hasta la completa ejecución del fallo, debiendo asumir su abono con su patrimonio personal.

**Noveno:** No se imponen las costas.

Vistos los artículos citados y demás preceptos de general y pertinente aplicación

## **PARTE DISPOSITIVA**

### **LA SALA ACUERDA:**

Declarar al amparo del artículo 103.5 LJCA la nulidad de pleno derecho de la resolución de la Alcaldía de 12 de diciembre de 2014 en cuanto tiene por ejecutada la Sentencia de 5 de junio de 2014 (recurso 300/2012), por su carácter formal, vacío e incompleto.

Requerir al titular de la Alcaldía del Concello de Santiago de Compostela para que en el plazo máximo de un mes acometa e impulse el cumplimiento puntual y exacto de la sentencia en los términos indicados.

Y ello bajo expreso apercibimiento de imponerle las multas coercitivas a que alude el artículo 112 de la Ley Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa. Las mismas se impondrán si no se acredite ante la Sala dentro del plazo indicado las medidas impuestas.

Sin costas.

Modo de impugnación.- Recurso de reposición en el plazo de cinco días desde la notificación, que deberá ser interpuesto ante este mismo órgano judicial. Para la interposición de dicho recurso de reposición deberá constituirse un depósito de 25

euros en la Cuenta de Depósitos y Consignaciones de este Órgano Judicial, abierta en SANTANDER, cuenta núm. 1570-0000-85-0030-14-20, debiendo consignar en el campo concepto “recurso” seguida del Código “-- Contencioso-Reposición” e indicando en los siguientes dígitos número y año de procedimiento.

Así lo acuerdan, mandan y firman los Ilmos. Sres. anotados al margen, ante mí, el/la Secretario/a Judicial, que doy fe.”

### **3. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE EXECUCIÓN DA SENTENZA 390/14 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA.**

A proposta da Alcaldía do 16 de marzo de 2015, é do seguinte teor literal:

“Por sentenza da sá do contencioso-administrativo, sección primeira, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 5 de xuño de 2014 estimouse parcialmente o recurso contencioso-administrativo interpuesto pola Confederación Intersindical Galega contra o acordo adoptado polo Concello de Santiago de Compostela en sesión plenaria de 2 de febreiro de 2012, de aprobación definitiva da modificación do cadre de persoal correspondente ó exercicio do ano 2011. A sentenza indica que “ anulamos parcialmente dicho acuerdo en lo que concierne a la creación de tres plazas de funcionarios/as de habilitación de carácter estatal de 1 secretario/a de apoyo, 1 interventor/a de apoyo, y 1 tesorero/a de apoyo, pertenecientes al subgrupo A1, sin costas”

Para a execución da sentenza, a sá dictou un auto, con data do 29 de xaneiro de 2015, que no seu fundamento de derecho séptimo indica o seguinte:

“Por lo expuesto, procede que el Concello de forma perentoria y en el pazo máximo de un mes desde la notificación del presente auto:

A) Convoque por urgencia si fuere preciso, y celebre dentro de dicho plazo, un pleno para dar cuenta de la sentencia y con lectura del presente Auto, para proceder acto seguido a la publicación del acuerdo plenario en que como consecuencia de la sentencia se acomete la rectificación del cuadro de personal en el mismo boletín oficial en que se publicó la modificación invalidada. Asimismo deberán rectificarse los cuadros de personal de los ejercicios posteriores en cuanto reproducen las plazas invalidadas (2012 y siguientes).

B) Por la Alcaldía se decrete el cese de los nombramientos derivados de las plazas cuya creación se ha invalidado, así como el cese de los afectados en todos los cargos, puestos y condiciones que se vinculaban a ese nombramiento ahora invalidado. En unidad de acto, la Alcaldía deberá decretar la reposición a sus puestos de los cesados como

consecuencia de la creación de las plazas y nombramientos ilegítimos que derivaron de la misma.

C) Adoptar cuantos actos fueren consecuencia inmediata de los aquí señalados para poner punto final a la eficacia de éstos en toda su extensión.

D) Asímismo, tanto los ceses como los nombramientos derivados de la ejecución de la sentencia deberán publicarse en el DOGA

Procede pois, en execución das mencionadas sentenza e auto, que o Pleno da Corporación adopte o seguinte ACORDO:

Rectifica-lo **cadro de persoal do Concello para o ano 2011**, modificado por acordos plenarios de 21 de decembro de 2011 (aprobación inicial) e de 2 de febreiro de 2012 (aprobación definitiva), e publicado no Boletín Oficial da Provincia de 3 de febreiro de 2012, e en consecuencia suprimir a creación das prazas seguintes:

\* secretaría de clase primeira, subescala de secretaría, categoría superior. Denominación: secretario/a de apoio.

\* intervención de clase primera, subescala de intervención-tesourería, categoría superior. Denominación: interventor/a de apoio.

\* tesourería: subescala de intervención-tesourería. Denominación: tesoureiro/a de apoio.

Rectifica-lo **cadro de persoal do Concello para o ano 2012**, aprobado definitivamente en sesión do Pleno da Corporación celebrada o día 31 de xullo de 2012, e publicado no boletín oficial da provincia de 3 de agosto de 2012, e rectificar así mesmo a **modificación do cadro de persoal para o ano 2012**, aprobada en sesión do Pleno da Corporación celebrada o día 25 de abril de 2013, e publicada no Boletín Oficial da Privincia de 14 de maio de 2013, suprimindo en ambos casos, dentro do apartado de funcionarios de carreira con habilitación nacional, as prazas de secretario/a de apoio, interventor/a de apoio e tesoureiro/a de apoio.

Rectifica-lo **cadro de persoal do Concello para o ano 2013**, aprobado definitivamente en sesión do Pleno da Corporación celebrada o día 20 de xuño de 2013, e publicado no boletín oficial da provincia de 27 de xuño de 2013, suprimindo, dentro do apartado de funcionarios de carreira con habilitación nacional, as prazas de secretario/a de apoio, interventor/a de apoio e tesoureiro/a de apoio.

Rectifica-lo **cadro de persoal do Concello para o ano 2014**, aprobado definitivamente en sesión do Pleno da Corporación celebrada o día 28 de febreiro de 2014, e publicado no boletín oficial da provincia de 6 de marzo de 2014, suprimindo, dentro do apartado de funcionarios de carreira con habilitación nacional, as prazas de secretario/a de apoio, e interventor/a de apoio.

Rectifica-lo **cadro de persoal do Concello para o ano 2015**, aprobado definitivamente en sesión do Pleno da Corporación celebrada o día 5 de xaneiro de 2015, e publicado no boletín oficial da provincia de 7 de xaneiro de 2015, suprimindo, dentro do apartado de funcionarios de carreira con habilitación nacional, as prazas de secretario/a de apoio e interventor/a de apoio.

En cumprimento do auto dictado polo Tribunal Superior de Xustiza, publica-lo acordo adoptado polo Pleno da Corporación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Con independencia da data de publicación do correspondente anuncio no Boletín, outorgar eficacia demorada ó presente acordo, que surtirá efectos o día 23 de marzo de 2015.”

Achegado ao expediente figura o Ditame favorable da Comisión informativa de presidencia, réxime interior, facenda e especial de contas correspondente á súa reunión do pasado 23 de febreiro de 2015.

Figura tamén no expediente copia do Auto da Sala do Contencioso Administrativo, Sección 1ª do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que resolve non haber lugar ao incidente de nulidade de actuacións promovido contra o Auto de 29 de xaneiro de 2015 da Sala do Contencioso Administrativo, Sección 1ª do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e contra a Sentenza da mesma sala e sección do 5 de xuño de 2014.

Ten a palabra o **Sr. Martínez Varela, concelleiro do grupo municipal do PP e delegado de ÁREA de RÉXIME INTERIOR e ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**.

Empeza explicando que por Sentenza da sala do contencioso-administrativo, sección primeira, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 5 de xuño de 2014 estimouse parcialmente o recurso contencioso-administrativo interpuesto pola Confederación Intersindical Galega contra o acordo adoptado polo Concello de Santiago de Compostela en sesión plenaria de 2 de febreiro de 2012, de aprobación definitiva da modificación do cadro de persoal correspondente ao exercicio do ano 2011.

Comenta de forma textual o que a Sentenza indica “anulamos parcialmente dicho acuerdo en lo que concierne a la creación de tres plazas de funcionarios/as de habilitación de carácter estatal de 1 secretario/a de apoyo, 1 interventor/a de apoyo, y 1 tesorero/a de apoyo, pertenecientes al subgrupo A1, sin costas”

Tamén di que para a execución da sentenza, a sala ditou un Auto, con data do 29 de xaneiro de 2015, que no seu fundamento de dereito séptimo indica o seguinte:

“Por lo expuesto, procede que el concello de forma perentoria y en el pazo máximo de un mes desde la notificación del presente auto:

Convoque por urgencia si fuere preciso, y celebre dentro de dicho plazo, un pleno para dar cuenta de la sentencia y con lectura del presente Auto, para proceder acto seguido a la publicación del acuerdo plenario en que como consecuencia de la sentencia se acomete la rectificación del cuadro de personal en el mismo boletín oficial en que se publicó la modificación invalidada. Así mismo deberán rectificarse los cuadros de personal de los ejercicios posteriores en cuanto reproducen las plazas invalidadas (2012 y siguientes).

Por la Alcaldía se decrete el cese de los nombramientos derivados de las plazas cuya creación se ha invalidado, así como el cese de los afectados en todos los cargos, puestos y condiciones que se vinculaban a ese nombramiento ahora invalidado. En unidad de acto, la Alcaldía deberá decretar la reposición a sus puestos de los cesados como consecuencia de la creación de las plazas y nombramientos ilegítimos que derivaron de la misma.

Adoptar cuantos actos fueren consecuencia inmediata de los aquí señalados para poner punto final a la eficacia de éstos en toda su extensión.

Así mismo, tanto los ceses como los nombramientos derivados de la ejecución de la sentencia deberán publicarse en el DOGA”

Indica que en execución das mencionadas sentenza e auto, procede que o Pleno da Corporación adopte o seguinte ACORDO:

1º Rectificar o **cadro de persoal do Concello para o ano 2011**, modificado por acordos plenarios de 21 de decembro de 2011 (aprobación inicial) e de 2 de febreiro de 2012 (aprobación definitiva), e publicado no Boletín Oficial da Provincia de 3 de febreiro de 2012, e en consecuencia **suprimir** a creación das prazas seguintes:

- \* Secretaría de clase primeira, subescala de secretaría, categoría superior. Denominación: secretario/a de apoio.
- \* Intervención de clase primera, subescala de intervención-tesourería, categoría superior. Denominación: interventor/a de apoio.
- \* Tesourería: subescala de intervención-tesourería. Denominación: tesoureiro/a de apoio.

2º. Rectificar o **cadro de persoal do Concello para o ano 2012**, aprobado definitivamente en sesión do Pleno da Corporación celebrada o día 31 de xullo de 2012, e publicado no boletín oficial da provincia de 3 de agosto de 2012, e rectificar así mesmo a **modificación do cadre de persoal para o ano 2012**, aprobada en sesión do Pleno da Corporación celebrada o día 25 de abril de 2013, e publicada no Boletín Oficial da Provincia de 14 de maio de 2013, suprimindo en ambos casos, dentro do apartado de funcionarios de carreira con habilitación nacional, as prazas de secretario/a de apoio, interventor/a de apoio e tesoureiro/a de apoio.

3º. Rectificar o **cadro de persoal do Concello para o ano 2013**, aprobado definitivamente en sesión do Pleno da Corporación celebrada o día 20 de xuño de 2013, e publicado no boletín oficial da provincia de 27 de xuño de 2013, suprimindo, dentro do apartado de funcionarios de carreira con habilitación nacional, as prazas de secretario/a de apoio, interventor/a de apoio e tesoureiro/a de apoio.

4º. Rectificar o **cadro de persoal do Concello para o ano 2014**, aprobado definitivamente en sesión do Pleno da Corporación celebrada o día 28 de febreiro de 2014, e publicado no boletín oficial da provincia de 6 de marzo de 2014, suprimindo, dentro do apartado de funcionarios de carreira con habilitación nacional, as prazas de secretario/a de apoio, e interventor/a de apoio.

5º. Rectificar o **cadro de persoal do Concello para o ano 2015**, aprobado definitivamente en sesión do Pleno da Corporación celebrada o día 5 de xaneiro de 2015, e publicado no boletín oficial da provincia de 7 de xaneiro de 2015, suprimindo, dentro do apartado de funcionarios de carreira con habilitación nacional, as prazas de secretario/a de apoio e interventor/a de apoio.

En cumprimento do auto ditado polo Tribunal Superior de Xustiza, publicar o acordo adoptado polo Pleno da Corporación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Con independencia da data de publicación do correspondente anuncio no Boletín, outorgar eficacia demorada ao presente acordo, que surtirá efectos o día 23 de marzo de 2015 “

A continuación, toma a palabra o **Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG**.

Empeza comentando que asisten ao último capítulo, agardan que sexa o derradeiro, dun auténtico esperpento, que teña que pasar este goberno e o conxunto do pleno pola vergoña de dar lectura a un auto como o que acaban de escutar, tremendañamente duro, e no que se deixa a institución municipal de Santiago polo chan.

Continúa dicindo que Santiago non merece isto, bastante dano xa se ten provocado ao nome e más a imaxe de Santiago ao longo destes catro anos. Nunca antes se acusara a

esta institución dende o ámbito xudicial, nada máis e nada menos, que de falta de seriedade e deslealdade institucional coa administración de xustiza.

Resalta o intento de dilatar a execución dunha sentenza clara, e tentar facer crer á Xustiza que xa a tiña cumplida remitíndolle un decreto ao Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que é ofensivo para a Xustiza e un insulto á intelixencia da veciñanza á que representan e á que se deben.

Insistindo coa critica di que agora cómpre recoller os froitos podres da semente envenenada que fixo o Partido Popular ao longo destes anos. Engade que lamentablemente o sucesivo cambio de caras na corporación, non modificou ningunha das peores prácticas. No seu día, o Partido Popular tomaba a decisión política de incorporar un novo secretario e un novo interventor a este concello. A decisión non estaba motivada pola falta de profesionalidade dos anteriores habilitados nacionais, nin tampouco por un aumento da carga de traballo que a xustificaran.

Os motivos desta actuación di o concelleiro, son coñecidos por todos e todas, e perfectamente explicadas nalgunha das conversas telefónicas intervidas xudicialmente no marco da operación PokéMón polo xefe de gabinete da alcaldía naquela altura, o Sr. Ángel Espadas. No seu día o Partido Popular tomaba a decisión política de incorporar un novo secretario e un novo interventor a este concello.

Para materializar esa decisión, decidiuse crear dúas novas prazas denominadas secretario de apoio e interventor de apoio nas que poder recolocar aos anteriores habilitados nacionais. Unha vez, realizado ese cambio, aos anteriores secretario e interventora, deixóuselles na práctica sen contido algúin, sen funcións reais dentro do organigrama municipal. Non tiñan carga de traballo, como incluso chegaron a denunciar mediante escritos, onde solicitaban, entre outras cousas, que por favor se lles dera algo que facer, porque non tiñan traballo ningún.

Ao tempo que propoñían o incremento do cadro de persoal nestas prazas, estaban a amortizar cincuenta e unha prazas do cadro de persoal, entre elas, vinte e unha da policía local e a recordar, como teñen denunciado tantas veces no pleno dende o BNG, os dereitos sociais e laborais do persoal municipal, mediante o denominado plan de axuste. Apunta que hai que lembrar que naquel intre a Lei de orzamentos do Estado prohibía o incremento dos cadros de persoal, pero non obrigaba a amortizar as prazas vacantes.

Continua a dicir que se optou por amortizar prazas, que agora non se poden crear, o que deu lugar a que determinados servizos municipais quedaran infradotados, cando non praticamente esnaquizados. É dicir, non había cartos para cubrir as prazas dos

traballadores/as municipais, nin para garantir os seus dereitos laborais, pero casualmente, os había para traer a estes dous novos habilitados que non eran precisos.

Di que están convocados nun pleno extraordinario e urgente, porque a Xustiza deulle a razón a todos os que levan anos a denunciar este atropelo, tanto a CIG, que denunciou xudicialmente, como ao seu grupo que o leva denunciando de xeito sistemático en termos políticos, neste pleno e tamén publicamente.

Apunta que o Auto de execución ao que se lle ven de dar lectura, por parte do señor secretario, é unha foto fiel, dalgunha das cousas que supuxo para Santiago este goberno do Partido Popular, dende o primeiro día da entrada de Conde Roa, ata hoxe mesmo. Un concello, permanentemente xudicializado, ateigado de corruptelas, malas prácticas e actuacións administrativas sen rigor legal, no que cando estes actos teñen consecuencias legais ou económicas, trasladase esa mala xestión e a toma de decisións erróneas, inxustas ao peto dos cidadáns e ciudadás de Compostela.

A confusión permanente entre maioría absoluta, e maioría absolutista, lles ten levado en multitud de ocasións a tomar decisións despoticamente unilaterais, e sen a máis mínima vontade real de acadar algún consenso, ata o punto de negarlle o derecho estipulado legalmente á representación dos/as traballadores/as, a debater aqueles aspectos que teñen que ver coa plantilla municipal. E tamén, á aplicación dos fondos públicos a fins non precisamente imprescindibles en tempos de recursos escasos, e de moitas necesidades.

Continúa a dicir que dende o Bloque Nacionalista Galego, nunca discutiron o feito de que tiveran capacidade legal de cesar á interventora ou ao anterior secretario, esa non era nin é o problema, non é un problema de libre designación e libre cese o que lles trae aquí hoxe, senón o impedimento legal que tiñan e teñen para crear novas prazas, e ademais de facelo sen ter en conta aos representantes dos traballadores municipais.

Estes extremos fican perfectamente claros na Sentenza do TSXG que ven de dicir que para nomear a quen querían incumpriron a normativa vixente, cando menos, en dous aspectos esenciais.

En primeiro lugar, crearon novas prazas sen pasar pola mesa de negociación cos representantes dos/as traballadores/as municipais, como era preceptivo, moi na súa liña de desprezo ás normas e de falta de respecto aos traballadores desta casa. Só por iso, xa sería motivo suficiente de nulidade de pleno derecho.

En segundo lugar, porque a normativa estatal que impuxo o Partido Popular, por certo, coa radical oposición do BNG que defende a posibilidade de que se poida crear

emprego público neste momento tan preciso, impide a incorporación de novo persoal, salvo contadas excepcións, das que esta como saben e sabían, non era o caso.

Para o grupo municipal do BNG que un alcalde e un grupo de goberno se salten a lei, é grave, pero moiísimo máis grave é que o fagan a conciencia. Di que existe unha responsabilidade directa e obxectiva do grupo de goberno en toda esta causa.

Rematando di que o grupo do Partido Popular tiña enriba da mesa informes preceptivos negativos ao respecto.

Recoñece que existía unha Circular da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, que daría para un capítulo aparte, pero respecto dela di que non son de carácter preceptivo, nin constitúen fonte de dereito.

A anterior interventora solicitáralles por escrito que non cubriran en propiedade esas prazas, porque había nada máis e nada menos que cinco contenciosos interpostos, polo que era absolutamente previsible, como agora corrobora o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que houbera prexuízos de imposible reparación. Pero unha vez máis rexeitaron esa posibilidade, pois había moita presa por cubrir esas prazas en propiedade.

En definitiva, trátase dunha actuación contra a lei, advertida polos funcionarios públicos competentes, aos que a sentenza lles dá toda a forza da razón, e polo tanto, houbo un proceder inxusto a sabendas de que o era, porque se saltaron a sabendas eses informes.

Dille ao Sr. Alcalde que tenta de pasar de perfil por todo isto, pero iso non é posible. Tenta facer crer que este mandato comezou fai dous meses coa súa chegada, pero por desgraza para os veciños e veciñas de Santiago comezou fai case catro anos, como mínimo e corresponsable, como membro da dirección do Partido Popular, como membro da candidatura que el pechaba e encabezaba o señor Conde Roa.

Explica que, como mínimo, porque nesta historia, o Sr. Alcalde é algo máis que corresponsable por omisión. Non é vítima de Conde Roa é cómplice necesario, ao igual que o foi o Sr. Currás. A súa chegada á Alcaldía puido reconducir esta situación, pero non só non o fixo senón que afondou por todos os medios ao seu alcance nela, porque cando chegou a esta Alcaldía, tiña enriba da mesa o expediente completo deste caso, cos seus respectivos informes negativos. Ademais tiña, non unha, senón dúas sentenzas dicindo que eses informes eran conformes a derecho e que as actuacións eran ilegais, e que estaban a saltarse a lei, e non porque non a coñecieran, senón a sabendas. No seu día os propios controis internos do concello xa llelo advertiran.

Di que o que fai o Alcalde, basicamente son catro cousas:

Primeiro non executar a Sentenza nos termos ditaminados pola xustiza.

En segundo lugar, contrata avogados externos, supostamente, para defender un interese xeral, que xa lle explicarán onde está.

En terceiro lugar, defender publicamente o labor ilegal do anterior equipo de goberno.

E en cuarto lugar, facer anuncios propagandísticos, no sentido de recuperar os dereitos suprimidos ao persoal municipal. Promesas incumpridas que fan que a vindeira semana volva ter aos traballadores e traballadoras municipais a manifestarse como cada mes na Praza do Obradoiro, en defensa do cumprimento dos acordos colectivos.

Continúa a explicar as consecuencias que ten todo iso:

Santiago tivo durante tres anos a dous habilitados nacionais máis dos que precisaba, e iso evidentemente non é gratis, supuxo un sobre custo duns catrocentos cincuenta mil euros aproximadamente para as arcas públicas, a iso haille que engadir o custo da asesoría xurídica externa que supoño que non foi barata precisamente. Neste sentido pídelle ao señor concelleiro, se lles pode clarexar exactamente a contía á que ascende.

Rematando di que hai que ter en conta que eses custos probablemente non rematen aquí, porque ademais de asumir as custos xudiciais é moi probable que haxa que engadir as indemnizacións patrimoniais aos anteriores habilitados nacionais, e no colmo dos despropósitos non sería descartable que tivesen dereito a alguma indemnización os actuais.

A seguir, intervén **Dona Marta Álvarez-Santullano, concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE**.

Empeza dicindo que o Partido Socialista ten gobernado moitos anos este concello e os últimos catro anos os cidadáns decidiron que estivera na oposición. Catro anos absolutamente abraiados primeiro e indignados despois do que ten feito o PP dende o 1 de xullo de 2.011.

Ademais di, hai algo que non mudou, a posición do Partido Socialista. Lembra que cando estaban no goberno defenderon este concello e aos seus traballadores, apuntando que unhas veces coincidían con eles e outras non, pero sempre conversaron e dialogaron, e sempre defenderon os seus dereitos por riba de calquera cousa. Clarexa que esa foi a posición deles no goberno, e foi tamén estes últimos catro anos na oposición.

Lembra que hoxe non queda máis remedio que recordar algunhas das cousas que teñen sucedido neste concello dende o 1 de xullo de 2.011, que teñen un único responsable, o Partido Popular. Agora sométese a debate a modificación dos cadros de persoal dos anos 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015, para eliminar as prazas de secretario, interventor e tesoureiro de apoio que triplicaban ás xa existentes no concello.

Considera que ao Partido Popular non lle importou recortarlle os dereitos aos traballadores municipais, para nomear funcionarios "a dedo", de libre designación e case sempre sen concurso previo. Tamen di que trouxeron persoas que incrementaron o custo do capítulo de persoal, a pesar do plan de axuste, e a costa dos dereitos dos traballadores e enumera estas plazas:

- Dúas direccións de área en urbanismo
- A xefatura do servizo planeamento
- A xefatura do servizo licencias
- A Secretaría xeral do pleno
- A Intervención municipal
- A dirección da área económica
- A dirección da área de persoal e contratación
- E a dirección área seguridade cidadá

Apunta que a ocupante desta última praza, dona María del Mar Hinojosa, ocupouse de perseguir a un dos mandos da policía municipal, chegando a participar, aínda non se sabe en que grao, na elaboración de denuncias falsas que derivaron na apertura de expedientes disciplinarios, anulados polo xulgado. Tamén di que niso participou o entón concelleiro de Seguridade cidadá, don Albino Vázquez e o omnipresente don Ángel Espadas.

Apunta que os cambios que se realizaron neste concello foron froito da falta de criterio, da falta de sensatez, de persoas absolutamente desnortadas que lle fixeron un dano irreparable a este concello como institución, aos seus traballadores e á cidade en sí mesma, a base de supostas "vendettas", que se sabe contra quen se dirixán, clarexando que cada vez teñen más claro o por qué. Tamen dí que o único pecado dos traballadores afastados polo PP foi ser leais e traballar para a institución á que pertencen e para aos seus cidadáns.

Opina que o Partido Popular, a través de dous militantes ilustres ata non hai moito tempo, Don Gerardo Conde Roa e Don Ángel Espadas, dispuxo deste concello, como si fora a súa parcela particular, chegando aquí como un elefante a unha cacharrería.

Lembra o que dicían nas escoitas telefónicas no marco da operación Pokémón, apuntando que tiveron a oportunidade de ler as conversas entre o entón xefe de gabinete, "pseudo directivos" de empresas concesionarias e algún concelleiro desta corporación, na que propoñían funcionarios de habilitación nacional para ocupar os postos de secretaría e intervención, acusando aos que os desempeñaban ata ese momento de militar en partidos e de ineptitude e incapacidade, ambas cousas falsas. Sinala que segundo esas conversas todo isto sucedía baixo a supervisión do Sr. Rueda e do Presidente da Xunta e do Partido Popular, o Sr. Feijoo.

Considera que o único responsable do que ten pasado nesta cidade nos últimos catro anos é o Partido Popular. Cre que Sr. Rueda e Sr. Feijoo sabían cales eran os problemas do Sr. Conde Roa, como tamén coñecían a incapacidade do Sr. Currás para dirixir o goberno desta cidade.

Lembra que se falou de persoas afectadas persoalmente, e dí que tamén eles falan de traballadores competentes, que teñen demostrado a súa valía profesional e a súa categoría humana ao longo de tantos anos traballando neste concello.

Tamén lembra que o actual Alcalde pechaba a candidatura das eleccións municipais do Partido Popular do ano 2011 neste cidade, nun posto simbólico, o número 25 e tamén apunta que avalou ao Sr. Conde Roa como candidato e á súa candidatura.

Continua opinando que este goberno non é un novo goberno, é o goberno do Partido Popular que comezou o día 1 de xullo de 2011, polo tanto son cómplices de todo o que ten pasado neste concello nos últimos catro anos, e dende a súa chegada, en xullo de 2.014 non ten cambiado absolutamente nada.

O Sr. Castiñeira e a Sra. Viña seguirón recluídos en San Lázaro, cobrando o seu salario, sen ter absolutamente nada que facer. Un luxo para un concello que presume de austeridade. Por certo, coa xurisprudencia na man, iso chámase mobbing, sobre todo tendo en conta que o acordo da XGL de 21 de marzo de 2012 no que se cesa a dona Inmaculada Viña, acordaba que as súas funcións serían as de colaboración, apoio e asistencia xurídica ou económica que lle atribuirá o presidente da corporación, de acordo co artigo 38 do Decreto 49/2.009, de 26 de decembro sobre o exercicio de competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos funcionários de habilitación nacional. Decreto que é unha evidencia que se ten incumprido

sistematicamente e do que é vostede, o Sr. Hernández, é único responsable dende xullo do pasado ano, ninguén máis.

Continúa a dicir que o Sr. Alcalde coñecía á perfección a situación de don Javier Castiñeira e dona Inmaculada Viña dende a súa chegada a este concello, porque os chamou ao seu despacho e eles espuxéronlle a súa situación, e a pesar diso as sentenzas seguiron nun caixón ata o Auto de 29 de xaneiro de 2015. Tivo unha oportunidade de ouro de mudar esa situación, e non o fixo.

Cree que os funcionarios seguen a ter que reclamar as primas de xubilación ás que teñen dereito, a pesar dos pronunciamentos xudiciais constantes e reiterados, todos eles desfavorables ao concello.

Sostén que seguen a convocarse paros por parte dos sindicatos, secundados polos traballadores, pola falta de negociación. O Sr. Vilariño segue afastado do seu posto de traballo, a pesar de que o xulgado demostrou que quen cometeu un delito foi o concelleiro que o ninguneou, Juan de la Fuente, que así o recoñece pactando a pena co ministerio fiscal. E unha vez máis, di, despois de ter avalado esta ilustre candidatura, segue a avalar ao Sr. Conde Roa e ao Sr. Currás, sen esquecer a don Ángel Espadas.

Opina que tivo que ser unha resolución xudicial, o Auto de 29 de xaneiro de 2.015, quen os puxera no seu sitio, requiríndolle de xeito inmediato, sen rodeos, nin prórrogas, a execución da sentenza e do Auto e dillo expresamente ao Sr. Alcalde.

Apunta que eles, van a dar algúns dos nomes de persoas "ninguneadas" polo Partido Popular:

- Javier Castiñeira Izquierdo
- Inmaculada Viña Carregal
- Carmela Domínguez Lage
- Carlos Blanco Vilanova
- Miguel Vilariño
- Berta Rosón
- José Antonio Carril Fernández
- Javier Fernández, entre outros.

En representación de todos eles, e de bastantes máis, tamén alude ás seccións sindicais con representación neste concello, as que o Partido Popular ten ignorado sistematicamente durante todo o mandato.

Opina que o goberno local non sabe o que significa a palabra negociación e hoxe o Partido Socialista quere recoñecer o traballo realizado polos traballadores municipais, que teñen sostido a xestión diaria deste concello nesta permanente locura dende a chegada do PP o 1 de xullo de 2.011, e tamén aos seus representantes sindicais, que teñen defendido aos traballadores no concello, publicamente e nos xulgados.

Remata dicindo que hoxe comeza o camiño para que o concello recupere a normalidade, grazas a un estado social e democrático de dereito, onde ao final a xustiza, aínda que tarde, tivo a última palabra. Tiveron que pasar case catro anos deinxustizas para que a cordura prevaleza sobre as tolerías, os desmáns e a ilegalidade das decisións que o Partido Popular adoptou neste concello dende xullo de 2.011.

Citando a Martin Luther King: "La injusticia en cualquier lugar del mundo es una amenaza para la justicia en todas partes", e di que espera que este camiño de xustiza que comeza hoxe remate o próximo 24 de maio, facendo esquecer este período negro que ten vivido Compostela e que ten como único responsable ao PP: ao Sr. Conde Roa, ao Sr. Currás e a Sr. Hernández tamén, recuperando a imaxe e a dignidade que esta cidade nunca debeu perder.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde-Presidente**.

Di que antes da votación gustaría subliñar que o acordo que se adopta hoxe, por imperativo legal, significa que dous habilitados nacionais, que accederon aos seus postos tras un proceso de libre designación público e non recorrido por ningúen, cesan e quedan a disposición da administración competente.

Lamenta, esa consecuencia, porque cre que actuaron namentres exerceron os seus postos, lealmente co concello e defendendo sempre os intereses xerais da cidade.

Explica que lle gustaría que constara en acta o agradecemento deste alcalde, ao interventor e ao secretario que cesan hoxe polo seu traballo, pola súa profesionalidade, e pola súa dedicación cara a Santiago de Compostela.

Sometida a **votación** a proposta do epígrafe, asinada polo Sr. Alcalde con data 16 de marzo de 2015, queda aprobada por unanimidade.

Xa que logo o pleno da corporación, por unanimidade acorda aprobar a proposta do Sr. Alcalde do 16 de marzo de 2015 relativa á execución da Sentenza núm. 390/2014, da Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1ª do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia co contido transcrito ao inicio.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-presidente deuna por finalizada sendo as 17 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifíco.

O alcalde-presidente,

Agustín Hernandez Fernández de Rojas

O vicesecretario,

José Ramón Alonso Fernández